



# Unha arma invisibilizada: 5. Instrumentos para combater a violencia sexual nos conflitos

## Description

Un dos piares fundamentais do sistema das Nacións Unidas. Destaca especialmente a Axenda de Mulleres, Paz e Seguridade, a través da Resolución 1325 (2000) do Consello de Seguridade. Gracias a ela recoñécese por primeira vez o impacto desproporcionado dos conflitos sobre as mulleres e a necesidade de prever a violencia sexual. Paralelamente, un mecanismo clave do Informe Anual do Secretario Xeral sobre Violencia Sexual en Conflitos, que identifica países afectados, patróns de violencia e actores responsables.

Desde o punto de vista dos tribunais, existen diversas fórmulas a nivel internacional para castigar crimes internacionais, incluíndo os de natureza sexual. Por un lado, os tribunais híbridos (órganos xudiciais que combinan elementos do dereito nacional e internacional para investigar e procesar crimes graves, como crimes de guerra, xenocidio ou crimes de lesa humanidade) tenden a aparecer cando o sistema xudicial do país carece de independencia, marco xurídico, infraestrutura ou os recursos humanos. Un exemplo do Tribunal Híbrido de Serra Leona. Por outro lado, existen os tribunais especiais ou *ad hoc*, aínda que de momento só se crearon en dúas ocasións (Tribunal Penal Internacional para Ruanda e o Tribunal Penal Internacional para a Ex-Iugoslavia). Outros mecanismos son as comisións e iniciativas de observación e documentación en materia de dereitos humanos que inclúen no seu mandato un compoñente de investigación penal internacional. Finalmente, unha institución que destaca na persecución da violencia sexual é o Corte Penal Internacional. (Amnistía Internacional, s.d.).

Con respecto a esta última, e aínda que o Estatuto de Roma non menciona expresamente unha función restaurativa, a Corte Penal Internacional exerce un papel que vai máis alá da acción punitiva. O artigo 75 do Estatuto de Roma recoñece o dereito das vítimas a obter reparacións. Unha vez recoñecido o dereito á reparación, o Fondo Fiduciario elabora un programa que concreta beneficiarios e medidas, posteriormente executado polo propio Fondo. Ademais, este organismo cumpre unha función asistencial mediante programas de saúde mental, apoio médico e axuda material cando non existe condena. Na fase de reparacións distínguense entre reparacións correctivas, orientadas a devolver ás vítimas á situación previa ao dano, e reparacións transformadoras, que buscan modificar estruturas sociais, económicas e culturais que perpetúan a violencia. Neste contexto, a perspectiva de xénero é esencial para garantir xustiza ás vítimas de violencia sexual (Montero, 2024). Esta légrase a través do Documento de Política sobre Violencia Sexual e de Xénero que está a axudar a impulsar o dereito penal internacional cara a unha comprensión máis complexa e inclusiva dos crimes sexuais e de xénero (Oosterveld, 2018).

En canto ás reparacións, existen varios modelos para axustarse ás necesidades das persoas sobreviventes de violencia sexual. Por un lado está a indemnización, que busca facer fronte aos gastos médicos das vítimas derivados da súa condición como tales, cando os patróns culturais e o estigma social dificultan a obtención de apoio. Outra opción é a

rehabilitaciÃ³n, que consiste en facilitar o acceso Ã¡ atenciÃ³n mÃ©dica e psicolÃ³xica necesaria. Ademais estÃ¡ a restituiciÃ³n, inadecuada para estas vÃctimas, xa que se basea en devolver Ã¡ vÃctima a unha situaciÃ³n previa ao dano onde existÃan estruturas sociais discriminatorias. Finalmente estÃ¡ a satisfacciÃ³n, que permite construír un relato oficial que permita a reconciliaciÃ³n xeracional. Este refÃ©rese Ã¡ verificaciÃ³n dos feitos, Ã¡ desculpa pÃºblica, Ã¡s homenaxes, a devolver a dignidade Ã¡s vÃctimas e restablecer a sÃ³a reputaciÃ³n (Montero, 2024).

Finalmente, organismos humanitarios como **ACNUR** ou **UNICEF** aplican protocolos internacionais para garantir atenciÃ³n mÃ©dica, psicolÃ³xica e legal Ã¡s vÃctimas, asÃ³ como medidas de prevenciÃ³n en campos de refuxiados e zonas de crise.

A pesar de todas estas ferramentas, a loita contra a violencia sexual en relaciÃ³n aos conflitos estÃ¡ lonxe de rematar. Non obstante, cada avance normativo, cada reparaciÃ³n concedida e cada supervivente escoitada representan un paso firme cara a un mundo mÃ¡is xusto e equitativo.

## BibliografÃa

AmnistÃa Internacional. (s.d.). Justicia internacional. <https://www.amnesty.org/es/what-we-do/international-justice/>

Montero Ferrer, C. (2024). *De Lubanga a Ongwen: reparaciones con perspectiva de gÃ©nero en la Corte Penal Internacional*. Revista ElectrÃ³nica de Derecho Internacional ContemporÃ¡neo. Vol. 7 (7).  
<https://doi.org/10.24215/2618303Xe074>

Oosterveld, V. (2018). *The ICC Policy Paper on Sexual and Gender-Based Crimes: A Crucial Step for International Criminal Law*. Vol. 24, 443- 457.  
<https://scholarship.law.wm.edu/wmjow/>

[Accede ao conxunto da serie desde a ficha da autora](#)

### APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

CooperaciÃ³n ao desenvolvemento

### ETIQUETAS

Guerras polÃtica exterior feminista

### INVESTIGACION

RelaciÃ³ns Internacionais CooperaciÃ³n Internacional e Axenda 2030

### Date Created

XuÃo 3, 2026

### Meta Fields

**Autoria :** 111791

**Antetitulo :** Serie de AnÃlise